

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Contratación de persoal laboral fixo derivada do proceso de selección para ocupar unha praza de axente de desenvolvemento local, praza incluída na oferta de emprego público extraordinaria de estabilización

ANUNCIO

CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO DERIVADA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA OCUPAR UNHA PRAZA DE AXENTE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, PRAZA INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN, APROBADA AO ABEIRO DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URGENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO

Polo presente faise público, en cumprimento do previsto na Base 14ª das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización de emprego temporal polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso oposición (BOP Coruña núm. 246 de data 29.12.2022), que con data 31.01.2025 foi ditada a Resolución de alcaldía núm. 2025-0107, que a continuación se transcribe en extracto, parte resolutiva:

“.../

1º.- Que se proceda á formalización, con Rosa María Rey Domínguez, DNI ***3657**, do correspondente contrato de traballo en réxime laboral indefinido a tempo completo, con cláusulas específicas da conversión de contrato temporal en contrato indefinido, sen bonificación, coa denominación de Axente de Desenvolvemento Local, asimilada á Escala de Administración Especial, subescala Técnica, GrupoA, Subgrupo A1, con cargo ás partidas 241/13000, 241/13002 e 241/16000, do orzamento vixente, prorrogado do ano 2022.

2º.- Publicar no BOP, no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Mugardos con acceso <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.8> e de forma complementaria na sección de emprego do portal da transparencia (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/02f34628-bd6d-4e8d-9312-e80e7a227874/>) a resolución de contratación de Rosa María Rey Domínguez, DNI ***3657**, como Axente de Desenvolvemento Local, asimilada á Escala de Administración Especial, subescala Técnica, GrupoA, Subgrupo A1.

3º.- A formalización do contrato terá lugar no prazo dun mes contado a partir da publicación da presente resolución de contratación no BOP

4º.- Fixar a retribución mensual a percibir pola devandita traballadora tal como figura de seguido:

Retribucións brutas mensuais:

Categoría	Soldo	C.Destino (N 20)	C.especifico	Importe bruto total
Axente Desenvolvemento Local (xornada completa)	1.326,90	526,09	672,85	2.525,84

Retribucións Brutas Paga extra:

Categoría	Soldo	C.Destino (N 20)	C.especifico	Importe bruto total
Axente Desenvolvemento Local (xornada completa)	818,82	526,09	672,85	2.017,76

5º.- Notifíquese o presente acordo á interesada aos efectos oportunos.

6º.- Dar traslado da presente resolución aos departamentos de intervención e tesourería municipais aos efectos oportunos.

7º.- Contra esta resolución poderase interpoñer, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de calquera outro que se estime pertinente interpoñer.”

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde Accidental, D. José Miguel Mahía Prados, en data 31 de xaneiro de 2025 (Delegación de funcións R.A. 2025-0093, de data 30.01.2025).